

VIEIROS

Edición xeral

RELATOS NA REDE

O cervo entra nas fragas de Vieiros

Darío Xohán Cabana escribe esta semana o relato da sección Onde sempre é bosque.

Redacción - 14:12 20/07/2007

A palabra vizosa do autor chairego condúcenos a esas fragas imposíbeis que loitan por manterse diante do trebón de eucaliptos e piñeiros. Coa mestría que o caracteriza, Cabana lévanos polos pastos [onde o cervo é rei](#). Por unhas fragas que poderían estar no seu Romeán actual ou en calquera parte do país.

E así imos navegando, avanzando no verán, perdidos na mesta sombra das fragas, a onde xa nos transportaron [Anxo Angueira](#), [Teresa Moure](#), [Xabier Cordal](#) ou [Rosa Aneiros](#). Aínda faltan outros nove autores que nos irán enchendo de palabras o cabeceiro do xornal. Mentres, entra [Onde sempre é bosque](#).